

ABERTO O PRAZO PARA PRESENTAR CANDIDATURAS AO NOVO PREMIO RAMIRO CARREGAL DE INVESTIGACIÓN EN ENFERMIDADES VALVULARES CARDÍACAS

- ***O galardón pretende contribuír a “xerar novo coñecemento en patoloxías que afectan as válvulas do corazón, que supoñen xa a terceira causa de enfermidade cardíaca”***
- ***A convocatoria estará aberta ata o 22 de marzo e a entrega do premio, dotado con 20.000 euros, terá lugar na primavera en Santiago de Compostela***
- ***As candidaturas deberán presentarse enviando debidamente cubertos os modelos dispoñibles na web premioramirocarregal.com/ cardiologia***

Santiago, 9 xaneiro de 2019.- O prazo para presentar candidaturas ao I Premio Internacional de Investigación en Cardiología “Enfermidades valvulares cardíacas Ramiro Carregal” quedou aberto este luns, 7 de xaneiro. O novo galardón nace ao amparo do acordo asinado o pasado outono entre o presidente de Frinsa, Ramiro Carregal, e os responsables da Fundación Instituto de Investigación Sanitaria de Santiago, Eloína Núñez en calidade de presidenta e José Ramón González Juanatey como xefe do Grupo de Investigación en Cardiología do IDIS.

O premio, de carácter anual, conta cunha dotación económica de 20.000 euros, ademais de galardón acreditativo. O obxectivo do mesmo é “recoñecer o labor dos investigadores e clínicos que traballan na procura dun mellor tratamento das patoloxías que afectan ás válvulas cardíacas”, explica o Dr. Juanatey, presidente de honra do Tribunal, que está composto por destacados membros da comunidade científica, académica e investigadora. Xunto co Dr. Juanatey forman parte do Xurado o Dr. Borja Ibáñez, investigador do CNIC, xefe de grupo no recentemente creado CIBER de enfermidades cardiovasculares e cardiólogo intervencionista na Fundación Jiménez Díaz; o Dr. Pedro Luís Sánchez, cardiólogo na Unidade Coronaria do Hospital Gregorio Marañón e profesor de Medicina na Universidade Complutense de Madrid; o Dr. José Luis Ferreiro, cardiólogo do Hospital Universitario de Bellvitge e director do Laboratorio de Investigación Cardiovascular do Instituto de Investigación Biomédica de Bellvitge (Idibell); e a Dra. Almudena Castro, coordinadora da unidade de prevención e rehabilitación de Cardiología no Hospital Universitario La Paz, onde preside o comité ético de Investigación Biomédica; é tamén presidenta da sección de Risco Vascular e Rehabilitación cardíaca da *Sociedad Española de Cardiología*, ademais de coordinadora nacional do Proxecto Mimocardio da SEC e do EuroApire IV da Sociedade Europea de Cardiología.

Candidaturas e selección

Poden presentarse a este Premio investigadores básicos ou clínicos que desenvolvan a súa actividade “en centros sanitarios e/ou centros de investigación, públicos ou privados de Galicia, España ou calquera parte do mundo”. Para iso tan só terán que cubrir os modelos de solicitude dispoñibles na páxina web do Premio, premioramirocarregal.com/

Gabinete de Comunicación e Imaxe da Área Sanitaria de Santiago
Travesía da Choupana s/n - 15706 Santiago de Compostela
Teléfono: 981 950023 / 629253754 / 981 950 967 / 639603522

Correo-e: prensa.santiago@sergas.es
Web: <http://xis.santiago.sergas.es/>
 <https://www.facebook.com/santiago.sergas/>
 twitter.com/santiagosergas



cardiología. Trátase dun documento explicando o proxecto e outro co CV resumido do investigador principal e/ou grupo de investigación, ademais dunha declaración escrita comprometéndose a recoller o galardón persoalmente en caso de resultar premiado. As propostas, que deben ser orixinais e ter un carácter claramente innovador e aplicado poderán presentarse ata o próximo 22 de marzo directamente a través da citada web do Premio, ao Apartado de Correos 50 de Santiago de Compostela ou no correo electrónico cardiologia@premioramirocarregal.com.

Xerar coñecemento ao redor das válvulas cardíacas

González Juanatey subliña que o obxectivo do Premio é “xerar novo coñecemento en patoloxías que afectan as válvulas do corazón, que supoñen xa a terceira causa de enfermidade cardíaca”. Segundo indicou na presentación do Premio, estas patoloxías están moi ligadas ao envellecemento –especialmente a estenose aórtica–, polo que supoñen “un auténtico problema de saúde”. O xefe do Servizo de Cardiología do CHUS indicou que “en maiores de 80 anos, o 5 % da poboación ten patoloxía aórtica e o 20 % destes necesita algún tipo de intervención cirúrxica ou percutánea”, polo que é necesario investigar sobre as causas, a prevención, o diagnóstico e o tratamento destas patoloxías co fin de poder abordalas mellor. “Na próxima década viviremos unha revolución absoluta das enfermidades das válvulas do corazón”, indicou o Dr. Juanatey. Este premio pretende “contribuír a esa revolución e lograr que teña lugar canto antes”, engade o empresario e mecenas Ramiro Carregal, que asegura sentirse “honrado” por poder poñer o seu “graño de area” nalgúns dos grandes retos que afronta a medicina actual.

Saúdos